

## SOLDADA MÍNIMA

A responsabilidade compartida por un grupo de persoas comprometidas nos valores da amizade fan posible que o SIGNO do noso poeta Manuel O. Rodríguez López sexa unha realidade tan viva que se converte no alicerce dunha obra permanente, que se está a espallar por toda a sociedade creando canles de participación e os reflexos precisos para todos aqueles que se senten na necesidade de participar coas súas inquiredanzas desde unha orientación humanista.

Todo esto, que non é pouco, grazas a un labor deste Certame que, con trece anos de presenza, ten acreditada a súa vivenza polo mundo enteiro , coa participación de autores de Argentina, Cuba, Chile, Portugal, Paraguay, Uruguay, Reino Unido...

Rebulindo dun xeito extraordinario por todo o país, serva como exemplo a participación nesta treceava edición, agora rematada, na que se recibiron 279 traballos (poesía e narrativa) destacando que os gañadores, nesta ocasión, son de Córdoba, Zaragoza, Cantabria, A Coruña e Ourense.

A saúde do Certame é excelente, o seu futuro cada día máis ilusionante e o compromiso desta Corporación firme. A vez que todos os cidadáns do noso Concello sentímonos agradecidos ao Poeta-Obreiro por converter Paradela nun referente cultural nacional e internacional.

*Soldada Mínima* serve o mesmo para acreditar o traballo das persoas que fan posible este Certame como para deixar constancia do OBREIRO POETA, tanto dun lado coma do outro, o seu compromiso en ambos os dous eidos da súa presenza física entre nós acreditou a súa sensibilidade coa realidade social, nunha época de dificultades semellantes ás que estamos a sufrir por motivo da crise que teñen as familias españolas , co corazón oprimido.

No ano 1979 publicou *Soldada Mínima* , na que lle saen da alma os mellores poemas da realidade que lle toca sufrir naquelas datas como obreiro do metal na moi estimada e querida por el, Barcelona.

Se fosemos quen de xuntarnos, xunguir ideas desde a diversidade persoal e colectiva e tivesemos as gañas de buscar o acordo, o esforzo positivo e a vontade de traballo que Manuel acreditou, estou ben seguro que atoparíamos as fórmulas necesarias para acadar esa responsabilidade compartida á que facía referencia no inicio deste prólogo e daría os froitos precisos para que ninguén ficara sen o apoio dunha sociedade comprometida, unida na vontade de formar un “corpo” que fose regado polo sangue da solidariedade e xenerosidade.

Sí, Manuel, dende o teu lar, no horto de San Miguel segues a ser referente obrigado, tanto en momentos de lecer coma nos de dificultade, como os actuais.

O teu sorriso e as túas verbas melodiosas, sempre axeitadas aos problemas da sociedade, fannos asentar na esperanza de que acadaremos unha sociedade máis nobre e xusta. Que así sexa.

Paradela, novembro de 2008.

Xosé M.Mato